



VÍA ROMANA XIX

NO CONCELLO DE CERVANTES



www.concellocervantes.es
arqueoancares.blogspot.com





Un dos documentos máis importantes para coñecer o trazado das vías romanas é o *Itinerarium provinciarum Antonini Augusti*, máis coñecido como o Itinerario de Antonino. O Itinerario recolle 372 vías terrestres repartidas polo Imperio, correspondendo tres (a XVIII, XIX e XX) a Galicia, que unían as capitais dos conventos xurídicos de *Asturica Augusta* (Astorga), *Bracara Augusta* (Braga) e *Lucus Augusti* (Lugo). A Via XIX data do ano 11 d. C., sendo, polo tanto, a máis antiga das tres vías galegas, así como a máis longa, con 299 millas (uns 500 quilómetros). Procedente de Ruitelán, Ransinde e A Braña (aquí consérvase un tramo espectacular de varios centos de metros), no Bierzo, a vía entraba en Galicia polo Comeal, en Cervantes, onde aínda se pode ver un ben conservado tramo (*agger*) duns 100 metros de lonxitude.

A grandes trazos, pola comarca dos Ancares, a vía discorría polo Comeal, Xestoso Vilarello, A Ponte de Doiras, As Casas do Río, Vilanova, O Fabal, A Estrada, As Pontes de Gatin (*mansio* de Ponte Neviae), Ouselle (*mutatio* de Vilarín), Cadoalla (asentamento do Enciñal), O Casar, Todón, Ponte de Neira, A Condomiña (xacemento do Agro de Pedreda), e Papín, adentrándose, xa no concello de Castroverde, pola Abelleira onde se conserva un tramo orixinal.

Entre O Comeal e As Pontes de Gatin, nas inmediacións da vía romana, documéntanse varios xacementos arqueolóxicos: 7 castros (todos romanizados), 17 explotacións mineiras e o campamento temporal da Cortiña dos Mouros. Durante o percorrido tamén se poden admirar outros elementos patrimoniais de épocas posteriores: igrexas, capelas, castelos, pontes, muiños ou hórreos, sen esquecer a fermosa paisaxe que non abandonará ao camiñante durante todo o traxecto.